

I TORNEO SAN ROQUE PICKLEBALL VETERANOS (BETANZOS)

1 e 2 de Agosto 2026

Sede: Pavillón Municipal de Betanzos

Número de homologación: 978

Inscripcións ata o 27 de xullo do 2026 ás 23:59 horas. www.ibertenis.com

1. Datos Xerais do Torneo

Número de homologación: 978

Datas: 1 e 2 de agosto 2026 (torneo de fin de semana)

Categorías: Veteranos/as +40 y Veteranos/as +60

Sede: Pavillón Municipal José María Valeiro Iglesias "Tocayo" e pistas polideportivas exteriores.

Correo electrónico: pickleballdorneda@gmail.com

Comité organizador: Club Pickleball Dorneda-Betanzos

Directora do torneo: Paula García Tenorio

Equipo arbitral

- Xuíz árbitro: Juan Ángel Martínez Castro
- Xuíz árbitro adxunto: Diego Vilar Loureiro

2. Contacto e inscricións

Contacto: pickleballdorneda@gmail.com

Inscripcións:

Na web: www.ibertenis.com, ata o lunes 27 de xullo ás 23:59 horas.

O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina www.ibertenis.com, no momento de realizar a inscrición ou una sede do torneo antes de xogar o primeiro partido.

Prezos da inscrición:

Categoría	Prezo
Individual +40 feminino	16 euros
Individual +40 masculino	16 euros
Dobres +40 feminino	16 euros (por parella)
Dobres +40 masculino	16 euros (por parella)
Dobres +40 mixto	16 euros (por parella)
Individual +60 feminino	16 euros
Individual +60 masculino	16 euros
Dobres +60 feminino	16 euros (por parella)
Dobres +60 masculino	16 euros (por parella)
Dobres +60 mixto	16 euros (por parella)

Sorteo:

Xoves 30 de xullo, ás 19:00 horas

3. Horario e Premios

Horario de partidos: de 09:30 h a 21:30 h.

Trofeos para campións, campioas, subcampións e subcampioas e terceiros postos de todas as categorías.

Sorteos entre os participantes.

4. Formatos de Competición

Superficie: Interior Parquet e no exterior hormigón pulido.

Cadro eliminatorio (cadro principal y cadro de consolación) ao mellor de 3 sets de 15 puntos en todas as categorías

Mínimo dous partidos garantizados.

5. Instalacións e loxística

O torneo desenvolverase no [Pavillón Municipal José María Valeiro Iglesias "Tocayo"](#) e nas pistas polideportivas exteriores. Av. Carregal, 20, 15319 Betanzos, A Coruña.

O recinto dispón de vestiarios.

Restauración: Os participantes poden comer en [Restaurante Las Galeras](#).

Lecer: O recinto atópase situado xusto ao lado do [Parque do Pasatempo](#) para o descanso entre partidos.

6. Seguros, Responsabilidade e Dereitos de Imaxe

Ao formalizar a súa inscrición, os participantes aceptan as seguintes condicións legais:

- Cobertura Médica: Todos os xogadores federados estarán cubertos polo seu respectivo seguro federativo.
- Responsabilidade Civil: O Club Pickleball Dorneda-Betanzos conta cunha póliza de Responsabilidade Civil vixente para cubrir posibles incidencias relativas á propia organización e loxística do torneo.
- Dereitos de Imaxe: Todos os participantes aceptan ceder os seus dereitos de imaxe ao Club Pickleball Dorneda-Betanzos, autorizando o uso de fotografías, gravacións en vídeo ou calquera material audiovisual captado durante o torneo, para fins informativos, promocionais e de difusión en redes sociais, páxina web oficial e medios de comunicación.

6. Normativa

- É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
- Disponibilidade do xogador/a: ao inscribirse, o xogador ou xogadora comprométese a estar dispoñible en todas as datas e horarios do torneo.
- É obriga do xogador/a revisar as listas de aceptación publicadas ao peche da inscrición, así como os horarios de xogo. Os horarios non serán oficiais ata as 19:00 h do día anterior, polo que é imprescindible revisalos a partir desa hora.
- Solicitudes horarias: os/as xogadores/as con algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento da inscrición. Estas peticións só se atenderán por causas excepcionais e se non afectan o normal desenvolvemento da competición.
- Cambios de horarios: non se atenderá ningún cambio unha vez publicados os horarios, salvo causa excepcional debidamente xustificada, dispoñibilidade de pistas, aceptación do rival e que non afecte o desenvolvemento do torneo.
- O xuíz árbitro poderá aplicar W.O. aos/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
- Notificacións de incomparecencia: por cortesía e respecto cara ao rival, calquera xogador/a que non poida disputar un partido deberá notificalo ao xuíz árbitro coa suficiente antelación.
- Comportamento: xogadores/as e acompañantes deberán axustar a súa conduta ao código de conduta, cun respecto máximo a compañeiros, equipo arbitral, socios, persoal e instalacións.

· Cualquera cuestión non prevista neste regulamento será resolta polo xuíz árbitro, adxuntos ou itinerantes. As súas decisións serán inapelables.